

# PLAN DE CONTINXENCIA

CRA deNARÓN



5ª Versión- marzo 2021

***2020-21***

## Contido

.1.XUSTIFICACIÓN.....	2
.2.-ACTUACIÓN PREVIAS DIENTA DA APARICIÓN ABROCHO .....	2
.3.-ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL. ....	9
.3.1.-Ensino non presencial. ....	10
.3.2.-Identificación das dificultades de conexión .....	10
.3.3.-Períodos de avaliación .....	11
.3.4.-Medidas durante a suspensión da actividade lectiva. ....	11
.4.-MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL. ....	12
5. PLAN ESPECÍFICO PARA A ACTUACIÓN DE ENSINO NON PRESENCIAL PARA ALUMNADOVULNERABLE.....	

Presentación 07-09-2020

Primeira revisión 16-10-2020

Segunda revisión 10-11-2020

Terceira revisión- 23-03-2021

# 1.- XUSTIFICACIÓN

O Plan de Continxencia xorde do apartado 10.5 referido ás medidas organizativas do centro establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o cursos 2020-2021.

No apartado 6, **Ensino non presencial**, da Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, establece que os centros elaborarán un plan de Continxencia.

O Plan de Continxencia do CRA de NARÓN ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompida a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/escola / todo o CRA.

Unha vez iniciado o curso, concretadas xa as Programacións Didácticas e a PXA, e ante os novos protocolos comprende actualización do Plan de Contintencia elaborado na primeira semana de setembro por quedar obsoleto e desaxustado á nova normativa , a Resolución da Secretaría Xeral de Educación e FP pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na CA de Galicia para o curso 2020/21 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia do Covid-19 e na Resolución conxunta da Secretaría xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e FP pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid -19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da CA de Galicia para o curso 2020-21.

Este plan de continxencia será revisado mensualmente nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

## 2.- ACTUACIÓN PREVIAS DIENTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

- **Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 , ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- *Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro de facer a autoenquisa de autoavaliación clínica do COVID que se integra no plan de actuación. No caso de supostos sospeitosos, debe comunicarse ao centro nos teléfonos do Equipo Covide*

*seguir os pasos que se reflicten no plan de adaptación a situación COVID 19 no curso 2020-21 do nosocentro.*

A tal fin para facilitar a comprensión de toda a comunidade escolar facilitouse una adaptación da autoenquisa visual, que se difunde na páxina web , en papel e por whatsapp a aquelas familias con poucos medios tecnolóxicos.

( ANEXO 1)

- Diante dun suposto no que un profesional ou alumno da que se **sospeita** que comeza a desenvolver **síntomas compatibles con COVID -19** no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, aos espazos habilitados en cada una das escola .Colócase unha máscara cirúrxica(tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado),e contactarase coa familia,no caso de afectar ao alumnado para que veña ao centro ,o máis rápido que poidan ,tomando as medidas establecidas no protocolo.

No caso de que o alumno teña exención para o uso da máscara ,ou é menor de 6 anos, o profesorado acompañante utilizará máscara ffp2 sen válvula , con pantalla desbotable e bata tamén desbotable das que se atopan en dita zona de illamento .

- A familia deberá poñerse,de inmediato ,en contacto co seu pediatra e seguiran as súas instrucións.En caso de non haber cita debe acudir ao PAC


- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**
- O/A traballador/a que inicie síntomas **debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara**, e logo seguir as instrucións do centro de saúde onde pedirá cita telefónica co seu MAP.

- **A familia dun neno ou nena,que teña sospeita de contaxio**,deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

- **Tras a aparición dun caso confirmado** da Covid19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

-**No suposto de aparición dun caso ,ou comunicación do CSC dun caso** no noso centro tanto sexa alumnado, profesorado ou persoal do centro, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, que deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala en cada caso a Xefatura de Sanidade.

O membro do Equipo Covid de cada Escola será encargado de definir a rede de contactos coa axuda da titora e da coidadora do autobús no caso da Escola de O Val , seguindo o **Protocolo de Vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS -CoV-2 ( COVID-19)no ámbito educativo non universitario de Galicia** do 6 de outubro de 2020 e trasladará a información obtida a **directora (como coordinadora do equipo COVID-19)** para o traslado á xefatura Territorial que é a única que IDENTIFICARÁ os Contactos estreitos e decretará a corentena dos individuos de ser preciso .




Ante as dúbidas que poidan xurdir chamarase ao teléfono habilitado ou aos seguintes enderezos :

[dirección.atencionprimaria.ferrol@sergas.es](mailto:dirección.atencionprimaria.ferrol@sergas.es)

► Enviaráselle ás familias una circular informativa baseada na que enviou como modelo a Consellería. así como a comunicación curta por ABALAR ( ANEXO2)

- **A autoridade sanitaria en coordinación coa Consellería de Educación** ,en función do número de contaxios,**poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro, o peche dunha ou varias aulas,dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade** de conformidade cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno/a, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia menos de 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos salvo que se poida asegurar un uso adecuado da máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes.



- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo período que estipule a XEF Territorial de Sanidade( ANEXO

- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman una aula, do nivel educativo completo, ou do centro educativo.

- A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días da no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10/14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito** de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

- **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino adistancia**.


- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou escola realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptareo comunicará ao centro.

- Durante a corentena deberá permanecer no domicilio, gardando as medidas de protección oportuna para evitar posibles contaxios (máscara, distancia de seguridade, vixilancia da aparición de síntomas...) e responder as chamadas que se lle fagan dende o Centro de Seguimento de Contactos.

**COVID-19**  
**CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2**  
**DUN ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE/CONVIVENTES**  
**FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO**


**ANEXO 1**

**ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE/CONVIVENTE**  
**FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO**



**COVID-19**  
**CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2**  
**DUN ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE NO INTERIOR DO CENTRO EDUCATIVO**

**ANEXO 2**



## **3.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Somos conscientes da implicación que deben ter as familias na actividade lectiva non presencial. Nas **reunións de principio de curso**, ás familias se lles dará unhas orientacións xerais sobre o seu funcionamento da aula virtual. Preparouse un tutorial polo equipo TICs para as familias sobre utilización da mesma .(ANEXO 3)

Para cada alumno/a se lle deu á familia ( debido á idade da maior parte do noso alumnado )o usuario e contrasinal, para poder acceder á aula. Indicaráselle o lugar da páxina web onde hai vídeos explicativos e/ou manuais sobre o seu funcionamento e resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo por vía telefónica e/ou videoconferencia de ser o caso. Este tipo de axuda e extensible a todas as familias e o levarían a cabo os titores/as de nivel.

Durante o mes de setembro e outubro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado co manexo da aula virtual, en primaria.

### **Profesorado**

-En previsión de que podamos chegar a una situación de ensino a distancia , o profesorado está a realizar un curso de actualización en aplicación de ferramentas para o ensino mixto

### **3.1.- Ensino non presencial**

#### **PRIMARIA**

**Todo o alumnado levará todos os días na mochila o material para a casa , libros ,cadernillos e estoxo.**

1º e 2º de primaria :

A maiores usaremos a aula virtual como ampliación e reforzo dos contidos, xa que debido á idade do alumnado non teñen a suficiente autonomía para realizar sós as tarefas .

Como medio de comunicación coas familias teremos á súa disposición ABALARMÓBIL e correo electrónico como o curso pasado , onde enviar tamén o traballo realizado ben escaneado ou ben por foto do móbil de non poder subilo á aula virtual

#### **3º e 4º de primaria :**

Elaborouse un horario semellanteo que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ,cunha carga horaria que debe respectar un mínimo do 60% da carga lectiva ( no noso caso as sesións de 50 minutos non deben ser inferiores a 30m )

Os horarios espello comezarán a **funcionar** no momento que se **peche una aula** ou se produza o **peche do centro** por motivos sanitarios.

Os horarios dos distintos grupos están disponibles no ANEXO

Será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Durante o primeiro trimestre relizarán prácticas coa mesma .

## **INFANTIL**

En caso de confinamento por causas sanitarias de COVID, tanto do centro/aula/alumn@, cada titora poñeráse en contacto co alumnado para establecer pautas de actuación que favorezan a continuidade da intervención educativa. Se dito confinamento é individual, o neno/a contará cun dossier de material impreso que se entregará á familia e que se irá realizando baixo a coordinación co titor.

Ante o caso dun confinamento grupal, ademáis do establecido a nivel individual, promoveranse actividades semanais globalizadas, dirixidas a acadar as competencias básicas e obxectivos mínimos desta etapa educativa, que se publicarán na páxina web do centro o una Aula Virtual. Ditas actividades versarán sobre contos, experimentos, cancións, xogos matemáticos relacionados coas temáticas propostas na programación. Para facilitar o desenvolvemento da intervención educativa, establecerase a comunicación coas familias a través de diversos medios como ABALAR, correo electrónico e páxina web do centro.

## ***3.2.- Identificación das dificultades de conexión***

O equipo Covid do centro, a través das reunións iniciais das titorías, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. A tal efecto envíase ás familias una enquisa sobre os medios das familias na reunión inicial coas mesmas. Cos resultados de enquisa cada titora elaboro un cadro para trasladar a información cando a solicitara inspección educativa (ANEXO 4)

## ***3.4.- Solución ás dificultades de conexión e alternativa ao uso da páxina virtual***

### **PRIMARIA**

Despois da experiencia do curso pasado , e os resultados da enquisa de medios tecnolóxicos , vemos que hainenos /as sen conexión a internet , xa están preparados os Cadernillos de traballo de comprensión lectora ,lingua, lengua e matemáticas .Así mesmo en levarán para casa os libros cos estean a traballar .

Optouse por material impreso en papel , libros e cadernillos por ser un material accesible para todos e todas e deste modo garantimos a igualdade de condición e atención e non facemos máis patentes as desigualdades .

► Arbitrarase de ser posible servizo de préstamo de material informático do centro , para complementar o que poida emprestar CFR,Amtega...

► O departamento de Orientación, en colaboración coas titoras e a Educadora Social do Concello de ser preciso , farán o seguimento do alumnado con NEE e neae con e sen medios tecnolóxicos , arbitrando as medidas específicas en cada caso.

Establecerase a canle máis axeitada en función da diversidade funcional e necesidades específicas tanto para a relación coas familias como para a recepción do traballo realizado ( videos, fotos ao correo , chamadas ou videochamadas , etc ) tal como figura no capítulo 5 no PLAN ESPECÍFICO PARA ALUMNADO VULNERABLE

## INFANTIL

Queda reflectido no anterior apartado tanto a alternativa á aula virtual como a atención ao alumnado con neae.

### ***3.5.- Períodos de avaliación***

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica as medidas que nos determinen.

### ***3.6.- Medidas durante a suspensión da actividade lectiva***

Ante una situación de suspensión temporal e/ou definitiva das clases presenciais a coordinación entre profesorado é fundamental. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Reunións semanais pola plataforma que estableza a Consellería FALAMOS ou WEBEX para planificar tarefas e introducir as modificacións necesarias.
- Coordinación polo mesmo método por ciclo e escolas para planificación axustada de tarefas e tempo e distribución do traballo entre todas para que non recaía todo nas titoras.
- Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
- Proposta de actividades semanais na aula virtual ou páxina web.
- Programaranse actividades competenciais, resolución de problemas, actividades de investigación e traballo por proxectos.
- O profesorado titor ou especialista encargarse de levar o control do alumnado que entra na aula virtual e /ou de ser o caso o control de asistencia á videoconferencia, poñerase en contacto coas familias e prestará o asesoramento necesario.
- Así mesmo para facilitar o centrado de atención do alumnado elixirase un fondo de pantalla para a videoconferencia común e neutro.
- O DO xunto co titor/a determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar; sendo os que van supervisar e corrixir as tarefas e argallando a solución máis axeitada en cada caso.
- O DO xunto co equipo de nivel deseñará nunhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza desde a casa

## 4.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIA

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro."

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación

FASE	DURACIÓN	ALUMNADO	OBXECTIVOS
FASE 1 Adecuación dos espazos	1 semana O equipo COVID do centro Establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desinfección de todos os espazos.</li> <li>✓ Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.</li> </ul> Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución. (Se fora preciso reorganización de entradas, saídas, recreos, espazos...)
FASE 2 Volta ás aulas	1 SEMANA  A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea virá marcada polo remate da situación de confinamento cos criterios marcados por Sanidade :  Os contactos estreitos dun caso COVID-19 finalizarán a corentena segundo os seguintes criterios:  *** Os contactos deben gardar corentena durante 14 días contando dende o día seguinte a data da última exposición. O período de incubación da enfermidade é de 14 días polo que se desenvolve síntomas durante ese período contacte co seu médico  *** Cando se cumpran 10 días de corentena se llefará a proba da PCR e se esta é negativa pode voltar a súa actividade habitual pero debe seguir vivindo a posible aparición de síntomas ata o decimo cuarto día. De ocorrer isto, debe illarse no domicilio e chamar rapidamente ao seu médico de cabeceira  *** Se a proba da PCR no se faia o décimo día debe esperar corentena a que lle fagan.  *** De calquera xeito, se cumpríu 14 días de corentena sen síntomas pode incorporarse á súa actividade.		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Informar a comunidade educativa dos cambios nos protocolos de entradas, saídas... se os houbera.</li> <li>✓ Recordarlle ao alumnado a importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.</li> </ul> Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.

# 5.- PLAN ESPECÍFICO DE ENSINO

## NON PRESENCIAL PARA

### ALUMNADO VULNERABLE

#### EDUCACIÓN INFANTIL

<b>COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS</b>	<p>-Para garantir a educación do alumnado con NEAE no caso de confinamento, para ó alumnado de Educación Infantil (de 4º a 6º de EI) de todas as escolas, se manterá comunicación a través do correo electrónico corporativo (mestras de PT, de AL e da orientadora), ABALAR e os teléfonos das escolas e o específico de Orientación para apoio emocional</p> <p>Se lles facilitará a cada familia e figurará na páxina web</p>
<b>VIDEOCONFERENCIAS</b>	<p>-No caso de realizarse una reunión a través de videoconferencia da aula completa, o alumno con NEAE terá una invitación á mesma igual co resto do alumnado, na que estará presente a mestra de PT e de AL, segundo corresponda, para manter contacto visual co alumno/a.</p> <p>-Non haberá videoconferencias de forma individual, para o desempeño do traballo de PT e AL, debido ás dificultades que supón traballar a través deste medio os contidos e habilidades que traballamos dende o ámbito de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.</p>

<b>RECURSOS E DESEÑO DAS TAREFAS</b>	-Para o traballo diario, a mestra de PT e/ou AL enviará material específico que se lles prestará ás familias, xogos para á casa con todas ás actividades a realizar con dito material.
<b>SEGUIMENTO DO TRABALLO</b>	-Para o seguimento do traballo de PT e AL, faremolo semanalmente a través de fotos sobre cómo se está a executar o traballo ou mensaxes (correo e/ou ABALAR) explicando cómo está a resultar o traballo dende a casa.
<b>ADAPTACIÓN DO HORARIO</b>	-A adaptación do horario será flexible, segundo a dispoñibilidade da familia, posto que poderán enviar correos ou mensaxes por ABALAR segundo poidan.

## EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS</b>	<p>-Para garantir a educación do alumnado con NEAE no caso de confinamento, para ó alumnado se manterá comunicación a través do correo electrónico corporativo (mestras de PT, de AL e da orientadora), ABALAR e os teléfonos das escolas e o específico de Orientación para acompañamento e apoio emocional .</p> <p>-Se lles facilitará a cada familia e figurará na páxina web.</p> <p>-No caso de alumnado con mala conexión ou pouco manexo por parte del ou da familia da aula virtual Orientación conta cun móvil que de coincidir un alumno /a neae confinado se poderá utilizar para envío e recollida de información e fotos dos traballos realizados.</p>
-----------------------------------	--

<p><b>VIDEOCONFERENCIAS</b></p>	<p>-No caso das videoconferencias, debido as dificultades do alumnado vese adecuado que participe nelas unicamente cando estas se dean a nivel de grupo de forma que esté incluído ao igual que os demais xunto coa mestra de AL e/ou PT una vez á semana, para que poida manter contacto co grupo clase e co profesorado de xeito distendido.</p> <p>-Para manter o contacto de xeito individual quedarase nalgunha ocasión se é posible nalgunha das sesión que teñan estipuladas no seu horario de PT</p>
<p><b>RECURSOS E DESEÑO DAS TAREFAS</b></p>	<p>-En 1º e 2º de Educación Primaria, os alumnos/as recibirán o material e o traballo, axustándose o alumno/a en concreto, de forma que pode ser a través da aula virtual, enviando o material en concreto á casa ou conxunto co material enviado pola titora (a través da aula virtual ou correo electrónico), coas directrices necesarias para executalo. O traballo que se envíe a dito alumnado será concretado e coordinado co seu titor/titora.</p> <p>-En 3º e 4º de primaria adaptarase ás características do alumnado optando pola posibilidade de que o traballo sexa enviado físicamente (libros, materiais específicos,...) e por ABALAR ou correo especificarase o que haberá que realizar para cada día, una vez coordinado coa titora, para non saturar ó alumno/a.</p> <p>-No caso doutro alumno de 3º de Educación Primaria, o cal ten intérprete, terá os recursos a través da aula virtual, con xogos de repaso sobre os contidos dados, e tamén enviaráselle por correo o traballo e xunto con este videos explicativos do</p>

	que ten que facer en cada exercicio (interpretados en LSE pola intérprete do centro).
<b>COORDINACIÓN EQUIPO DOCENTE</b>	-Coordinación coa titora e os especialistas para adaptar o traballo ao tempo de confinamento e ás características de cada alumno /a
<b>SEGUIMIENTO DO TRABALLO</b>	<p>-O seguimento deste alumnado farase en función de cada caso diario ou semanalmente , no caso de que a familia teña dispoñibilidade, de forma que envíen fotos dos traballos realizados , capturas de pantalla ,... a través de correo electrónico ou ao teléfono de orientación e/ou da escola (facilitados previamente.</p> <p>- Seguimento en directo a través das videoconferencias.</p> <p>-Se é preciso con algún alumno polas súas especiais características actuar como no caso de infantil figurará no seu plan específico individual.</p> <p>-Seguimento do alumnado desconectado por parte da titora, orientadora e de ser preciso servizos social</p>
<b>ADAPTACIÓN DO HORARIO</b>	-No caso de 4º de Educación Primaria, seguirase o horario espello establecido, facendo as conexións necesarias cando estea indicado. Tamén haberá material para traballar na aula virtual, a cal teñen acceso todos os alumnos/as.

## **ANEXOS**

Anexo 1 –Autoenquisa avaliación

Anexo 2- Modelo de carta ás familias ante un caso detectado no centro

Anexo 3-Titorial para as familias funcionamento Aula Virtual

Anexo 4- Cadro datos recursos tecnolóxicos do alumnado

Anexo 5- Nota aclaratoria de Sanidade sobre a finalización das corentenas.

Anexo 6-Horarios espello e 3º e 4º de primaria.

Anexo 7 – Horarios adaptados PT e AL



# COR NAVIRUS



**FEBRE MAIOR DE 37,5**



**TOSE SECA**



**DIFICULDADE RESPIRATORIA**



**CANSANZO**



**DOR MUSCULAR**



**FALTA DE OLFACTO**



**FALTA DE GUSTO**



**DIARREA**



**ESTIVECHES  
CUN POSITIVO  
CONFIRMADO?**



**ESTIVECHES CUNHA  
PERSONA EN ILLAMENTO  
POR SOSPEITO DE CONTAXIO?**

**ANTES DE VIR AO COLE**

- Realizar a **AUTOENQUISA** antes de saír da casa.
- Non se pode viraocole:
  - ▶ Se hai un só síntoma compatible co COVID dos enumerados na autoenquisa.  
Neste caso contactar co pediatra e seguir as instrucións.
  - ▶ Se o alumno/a se atopa en corentena.
  - ▶ Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer COVID.
  - ▶ Se tivo contacto con algún infectado.
- Comunicar a ausencia ao centro a través dos teléfonos do EQUIPOCOVID.

DOMIRÓN **696 920 440** / O VAL **696 920 124**

SEDES **626 422 080** ( Dirección ) . **Este tamén se non contactades nos anteriores**

- Asegurarse de traer **MÁSCARA**posta.
- Traer todo o material necesario para odía.

## **ACCESOS E HORARIOS**

- Requírese**PUNTUALIDADE** ás entradas esaídas.
- **EVITAR AGLOMERACIÓNS** tanto ás entradas como nassaídas.
- Abriranse as portas ás 08:50horas.
- Unicamente o alumnado de El poderá estar acompañado por un adulto.

## **USO DE MÁSCARA**

- **NON** se pode acceder ao recinto sen máscara. De chegar sen ela, non poderá entrar ata que a familia lle traía unha.
- Debe traer unha de reposto metida nun estoxo ou caixa.





	<b>ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID CURSO 2020-21</b>	CURSO2020/21 Versión: 0  SUSANA G.M. Directora do CRA de Narón
<b>C.R.A.DE NARÓN</b>	<b>INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS</b>	PÁXINA 1

Estimada familia:

Comunicolles que se confirmou un caso/brote da Covid-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo/a a súa filla. Ata o momento detectáronse \_\_\_\_\_ casos. O SARS-CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tossir ou espirar. Os síntomas poden aparecer ata os 14 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar con **síntomas**: respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; e consíntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; outamén pode cursar de forma asintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. **Se o/a seu/súa filla/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias. (vós de entrada non tedes que facer nada)**
- Os **contactos estreitos** (unha vez que vos avisen) deben realizar corentena durante 14 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 6 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa Covid-19, ante os cales deberán permanecer en **illamento** e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.
- O **resto da comunidade educativa**, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa Covid-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para a Covid-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, **salvo indicación médica de non asistir.** (por escrito)
- Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

	<p style="text-align: center;"><b>ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID CURSO 2020-21</b></p>	<p>CURSO2020/21 Versión: 0</p> <p>SUSANA G.M. Directora do CRA de Narón</p>
<p style="text-align: center;"><b>C.R.A.DE NARÓN</b></p>	<p style="text-align: center;"><b>INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS</b></p>	<p style="text-align: center;">PÁXINA 2</p>

Estimada familia:

Comunícolles que se confirmou un caso/brote da Covid-19 na Escolade \_\_\_\_\_. Ata o momentodetectáronse\_\_\_\_casos. O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten aotusirouesbirrar. Os síntomas poden aparecer ata os 14 días despois de estarencontactocuncaso. A infecciónpode cursar con **síntomas** respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; outamén pode cursar de formaasintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. **Se o/a seu/súa filla/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias.**

- Os **contactos estreitos** deben realizar corentena durante 10 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 6 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa Covid-19, ante os cales deberán permanecer en **illamento** e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.

- O **resto da comunidade educativa**, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa Covid-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para a Covid-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.

	<b>ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID CURSO 2020-21</b>	CURSO2020/21 Versión: 0  SUSANA G.M. Directora do CRA de Narón
<b>C.R.A.DE NARÓN</b>	<b>INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS</b>	PÁXINA 3

- Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolvesíntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

Pode atopar información sobre as medidas de corentena e illamento na [Web de información para a cidadanía sobre SARS- CoV-2 do SERGAS](#)<sup>3</sup>.

Reciban un cordial saúdo,

Sinatura

Asdo: Susana García Martínez  
Directora do CRA de Narón

**1** Cuestionario de autoavaliación: [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa\\_de\\_autoavaliacion.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_de_autoavaliacion.pdf)

**2** Illamento no domicilio de casos confirmados: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Illamento-domicilio?idioma=ga>

**3** Web do SERGAS de información para a cidadanía sobre o coronavirus: <https://coronavirus.sergas.gal/>

# TUTORIAL ACCESO A AULA VIRTUAL DO CRA DE NARÓN.

**Información Prazo de Reserva Centros Adscritos**

Enviar por C\_sar o Ven. 27/01/2017 - 08:29

Secretaría

Dacordo cos Orde do 12 de marzo de 2013, aqueles alumnos/as que queiran continuar o seus estudos nun centro adscrito, deben entregar no centro de orixe (no CRA de Narón) unha solicitude de reserva; o prazo de entrega é do 1 ó 15 de febreiro. Entregaranilla ao titor/a correspondente.

No caso de non querer continuar estudos no centro adscrito non teñen que facer nada agora neste prazo e teñen que esperar ao prazo normal de reserva de praza para facelo noutro centro. (1ao 20 de Marzo)

Centros adscritos: Escolas Castro, Domirón, Sedes e o Val; CPI O FEAL e Escola Pedroso; CPI SAN SADURNIÑO

Para cubrir a solicitude na rede:  
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codCons=ED&codProc=550A>

Para descargar o formulario, pincha na seguinte icona:

**O Noso Nadal 2016**

Enviar por C\_sar o Sáb. 14/01/2017 - 07:02

Celebracións

Este ano celebramos o Nadal no Auditorio.

Alí vimos unha obra de teatro, visitounos o Paxe Real dos Reis Magos, cantamos unha panxoliña a Capella preparada por Olga, a nosa mestra de Educación Musical, e demos boa conta do chocolate con churros, cortesía da nosa ANPA, e o pasamos moi ben para despedir o 2016.

Moitas grazas a todas/os.

Aquí tedes o vídeo da Panxoliña: A Fabricar Xoguetes:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cranaron/aulavirtual/mod/resource/view...>

e aquí un vídeo resumo da festa:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cranaron/aulavirtual/file.php/2/VideosC...>

Se tedes problemas para velos, probade a descargarlos, xa que son arquivos mp4.

**Festa Magosto**

Enviar por C\_sar o Lun. 12/12/2016 - 12:13

Celebracións

O pasado 28 de outubro celebramos a festa do Magosto na Escola do Val; con un pouco de retraso...aquí tedes o vídeo da nosa celebración.

En formato flv para velo en internet, ou en mp4 para descargalo (con maior calidade)

flv:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cranaron/aulavirtual/mod/resource/view...>

mp4:

**Buscanabarralateraldereitaobloquequepon "Enlaces Primarios", edentrodomesmofaiclic En Aula Virtual**

**Aula Virtual**

Non está identificado. (Acceso)

**Acceso**

Nome de usuario:

Contrasinal:

Perdeu o contrasinal?

**Categorías de curso**

- Departamento de Orientación
- Normalización Lingüística
- Interdisciplinar
- Actividades Extraescolares
- ...

**Napartesuperiordereitatenesaopciónde "acceso"efandoclicnelapodesintroduciron usuario e contrasinal que te facilitaron na escola. Ou parte dereitaxa podes introducir directamenteomesmouusuarioecontrasinal querecibiches.**

**Usuario:**

**Contrasinal:**

**Calendario**

Febreiro 2017

L	Ma	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28					

**Categorías de curso**

- Departamento de Orientación
- Normalización Lingüística
- Interdisciplinar
- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Física
- Educación Musical
- Lingua Inglesa
- Miscellaneous
- Todos os cursos ...



# Mediosdixitais alumnado

NIVEL:

TITORA:

NOME ALUMNO/A	MÓBIL	ORDENADOR con INTERNET	Comparte ordenador	IMPRESORA	TABLET	Correo electrónico
1.						
2.						
3.						
4.						
5.						
6.						
7.						
8.						
9.						
10.						
11.						
12.						
13.						
14.						
15.						
16.						
17.						
18.						
19.						
20.						

TOTAL

**HORARIO 3º PRIMARIA**

Sesións	Horas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	09:00 – 09:30	L. CASTELÁ	L. GALEGA	INGLÉS	L. CASTELÁ	L. GALEGA
	09:30 – 09:50	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
2ª	09:50 – 10:20	E.F.	VALORES/RELI	L. CASTELÁ	INGLÉS	MÚSICA
	10:20 – 10:40	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
3ª	10:40 – 11:10	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L.GALEGA	MATES	MATES
	11:10 – 11:30	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
DESCANSO	11:30 – 11:55	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
LECTURA	11:55 – 12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
4ª	12:20 – 12:50	INGLÉS	MATES	MATES	E.F./ Titoría	C. SOCIAIS
	12:50 – 13:10	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
5ª	13:10 – 13:40	C. SOCIAIS	C. NATURAIS	C. SOCIAIS	C. NATURAIS	PLÁSTICA
	13:40 – 14:00	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.

 Docencia virtual: Webex acompañada de Intérprete LSE

T.I. = Traballo individual /Aula virtualPT/AL

no seu horario habitual

## HORARIO 4º PRIMARIA

Sesi3ns	Horas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	09:00 – 09:30	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. GALEGA	L. CASTELÁ	MÚSICA
	09:30 – 09:50	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
2ª	09:50 – 10:20	MATES	MATES	INGLÉS	RELIXIÓN/VALORES	REFORZO
	10:20 – 10:40	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
3ª	10:40 – 11:10	E. FÍSICA/Titoría	C. NATUREZA	MATES	INGLÉS	L. GALEGA
	11:10 – 11:30	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
DESCANSO	11:30 – 11:55	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
LECTURA	11:55 – 12:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
4ª	12:20 – 12:50	L. GALEGA	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	MATES	C. SOCIAIS
	12:50 – 13:10	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.
5ª	13:10 – 13:40	INGLÉS	L. GALEGA	C. NATUREZA	E. FÍSICA	PLÁSTICA
	13:40 – 14:00	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.	T.I.

 Docencia virtual: Webex

T.I. = Traballo individual/ Aula virtual

PT/AL no seu horario habitual

<b>3º (1)</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª				PT	
3ª					
4ª	PT	PT			
5ª					PT

<b>3º (2)</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	PT	PT	AL1		AL1
2ª				AL1	
3ª	AL1	AL1	PT		
4ª					PT
5ª					

<b>1º</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª				AL2	AL2
2ª				AL2	AL2
3ª				AL1	AL1
4ª				AL1	AL1
5ª				AL1	AL1

<b>6º inf</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª	AL2	AL2	AL2	AL2	
3ª					
4ª					
5ª					

<b>5º Inf</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª					
3ª	AL2	AL2	AL2	AL2	AL2
4ª					
5ª					

<b>4º inf (1)</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª		AL2	AL2		
2ª	AL2				
3ª					
4ª					AL2
5ª					

<b>4º inf (2)</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª					
2ª					
3ª					
4ª	AL2		AL2		
5ª		AL2		AL2	

